

Galicia Suma Talento

Formación para persoas ocupadas (2026 - 2027)

TR302A Información para **alumnado**

Prazo límite de execución das
accións formativas
31 de marzo de 2027

Formación destinada á **cualificación profesional** das persoas traballadoras ocupadas para a **adquisición e mellora de competencias profesionais** relacionadas coa **produtividade e competitividade**, a adaptación aos cambios no posto de traballo e as súas aspiracións **profesionais**, para mellorar o desempeño profesional e a empregabilidade



Persoas destinatarias da formación

Orzamento
1ª Convocatoria 2026-2027
10.622.078 €

» As accións formativas dirixiranse prioritariamente aos seguintes colectivos de **persoas traballadoras ocupadas** con **centro de traballo (domicilio fiscal*)** en Galicia:

- Persoas traballadoras asalariadas de empresas incluídas nos acordos de formación.
- Persoas fixas discontinuas nos períodos de non ocupación.
- Persoas traballadoras ou socias de entidades de economía social.
- Persoas do réxime especial agrario por conta allea, réxime do mar ou outros réximes que non cotizan para formación profesional.
- Persoal propio da entidade (límite 10 %).
- Persoal das AA.PP. (límite 10 %).
- Persoas autónomas*.

» Tamén poderán participar **persoas traballadoras desempregadas**, ata un límite do 30 % das persoas programadas na correspondente acción formativa

A consideración de **persoa traballadora ocupada** virá determinada pola situación laboral da persoa na **data de validación da acta** de selección polas oficinas de emprego.



Selección do alumnado

FASE 1. Obtención, pola entidade de formación, dun mínimo de alumnado comprometido a participar no curso

Fase previa á presentación da solicitude

- » Publicación da oferta en Diplos.
- » Publicada en DIPLOS a oferta de accións formativas, as persoas traballadoras **poderán preinscribirse** naquelas accións que sexan do seu interese.
- » Na páxina <https://diplos.xunta.gal/diplos> pódese consultar a información das accións formativas que está previsto impartir na ofertas formativa.

FASE 2. Configuración do grupo definitivo de participantes e preparación do inicio da acción formativa

Unha vez presentada a solicitude, de ser o caso, poderase incrementar o número de participantes

 **Diplos**

Lembra revisar periodicamente a oferta dispoñible en Diplos, xa que **se publicarán novos cursos ao longo de todo o ano.**



[Pulsa ou escanea]

Galicia Suma Talento

Formación para persoas ocupadas (2026 - 2027)



Accións formativas

- » Poderán ser obxecto de financiamento as **especialidades formativas das áreas profesionais que se determinen no anexo III** da presente convocatoria. Todas as especialidades formativas incluídas **están dadas de alta e vixentes no Catálogo de Especialidades Formativas** do SEPE, e a súa duración, contidos e requisitos serán os establecidos no seu programa formativo.
- » Cada acción formativa **está constituída polo contido específico** da especialidade formativa a impartir e **polos módulos formativos transversais**.
- » A formación poderá impartirse, de acordo co que estableza e autorice o correspondente programa formativo da especialidade, nas modalidades **presencial** ou **virtual** (teleformación).
- » As sesións de formación **non poderán superar as 8 horas por día e as 40 horas semanais**, e deberá cumprirse o **descanso mínimo de 12 horas** a contar dende o remate dunha sesión formativa e o comezo da seguinte.
- » As accións formativas **poderán impartirse en xornadas de mañá, tarde ou mañá e tarde**. Salvo casos excepcionais, non está permitida a súa realización en horario nocturno (entre 22:00 e 8:00 h), nin en domingo ou día festivo.
- » Na modalidade de teleformación, o **límite máximo de horas de formación** a programar por mes natural será de **120**.
- » Todas as accións formativas deberán incluír as evidencias necesarias que permitan avaliar os resultados da aprendizaxe **mediante unha avaliación de carácter teórico-práctico**.

Acceso á convocatoria
no DOG



[Pulsa ou escanea]



Dereitos e deberes do alumnado

Dereitos

- » A formación será **de balde** para todo o alumnado participante nestas accións formativas.
- » O alumnado desempregado **pode solicitar bolsas** e axudas para asistir á acción formativa.

O alumnado seleccionado poderá asistir simultaneamente ata un **máximo de 2 accións formativas**, ou, de ser o caso, a unha acción formativa desta convocatoria e outra de formación subvencionada con fondos públicos sempre que permitan a simultaneidade.

Deberes

- » Asistir e seguir **con aproveitamento** a impartición das accións formativas.
- » **Facilitar a documentación** que lle requira a entidade e nos prazos establecidos.
- » **Rexistrar a súa asistencia** mediante o uso daqueles sistemas de control autorizados que aplique a entidade.
- » Responder ao **formulario da enquisa de avaliación** da calidade ao remate da acción formativa.

Información sobre
as bolsas



[Pulsa ou escanea]